

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DE 26 DE AGOSTO DE 2008

3.- Proposta da concelleira delegada de Persoal para dar conta da subvención outorgada polo Instituto Nacional de Administración Pública.

Dáse conta da concesión dunha subvención de 22.381 euros para o financiamento do Plan de Formación Continua 2008.

4.- Adxudicación definitiva das Obras incluídas no proxecto de Rehabilitación do Barrio FONTE D'OURO.

Adxudícanse definitivamente as devanditas obras á empresa ALCOMTE GALICIA, S.L., nos mesmos termos da adxudicación provisional da Xunta de Goberno local do 22 de xullo, isto é, por importe de 175.101 euros e un prazo de execución de tres meses.

5.- Adxudicación Provisional do contrato para o Subministro de sinais para a reposición das existentes e novas instalacións.

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato á empresa API MOVILIDAD, S.A., por importe de 46.728 euros.

6.- Adxudicación definitiva do contrato de servizo de redacción do proxecto construtivo, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de saneamento da conca do río aríns, colectores secundarios 2ª fase.

Adxudícase definitivamente o devandito contrato á empresa PROYFE, S.L., nos mesmos termos da adxudicación provisional da Xunta de Goberno local do 22 de xullo, isto é, por importe de 38.793 euros.

7.- Obras incluídas no proxecto de Rexeneración do MONTE DE DIOS.

Adxudícanse provisionalmente as devanditas obras á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRAS, S.L., por importe de 131.522 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel relativa á ampliación do contrato de xestión do servizo de mantemento e reposición de zonas verdes do Concello.

Acórdase a ampliación do contrato asinado coa empresa CESPAS S.A., de tal xeito que, ata o 31 de decembro de 2008, aumentárase o canon na cantidade de superficie que exceda do 4% de incremento de árbores dous niveis, é dicir, 140.980 metros cadrados de superficie para o Nivel I a un prezo de 2,04 euros/ano/metro cadrado, ao que se lle engadirán 65.295 metros cadrados de superficie de Nivel II a un prezo de 0,76 euros/ano, 914 unidades de árbores a un prezo de 17,62 euros/ano/unidade e 26 xardineiras a un prezo de 24,14 euros/ano/unidade. Así, o incremento total do canon ata o 31 de decembro é de 341.262 (28.438 euros/mes).

A partir do 1 de xaneiro de 2009, o canon polo incremento de zonas verdes en árbores niveis ascenderá á cantidade de 443.487 euros.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2008